

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 132/2022**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista la reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 12 de xullo de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de setembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 12 de xullo de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello da Coruña con data 7 de xuño de 2022, de acceso á información pública relativa aos informes municipais emitidos en relación cos proxectos de ADIF para a construción e remodelación da Intermodal - estación de San Cristovo, incluíndo os referidos ao proxecto de *Ejecución de las obras proyecto de construción de la remodelación de la estación de A Coruña-San Cristóbal*.

O reclamante indica que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 25 de agosto de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á administración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegaran informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 5 de setembro de 2022, o reclamante remite escrito no que comunica que nesa data recibiu notificación do Concello da Coruña, dándolle traslado da información solicitada, polo que considera resolta por cumprimento do Concello da Coruña a dita reclamación.

**Cuarto.-** Con data do 12 de setembro de 2022 recibíuse o informe da administración, no que se comunica que con data 5 de setembro de 2022, púxose a dispor do recorrente unha notificación na que se lle remitían os informes municipais emitidos en relación cos proxectos de ADIF para a construción e remodelación da Intermodal - estación de San Cristóbal, incorporados nos expedientes XXX Tráballo para a implantación da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da cidade da Coruña-San Cristovo, Expediente XXX Maqueta, en relación á remodelación da estación San Cristóbal, Expediente XXX Informe sobre proxecto terminal de autobuses Integrada na estación intermodal da Coruña e Expediente XXX- Elementos comúns da remodelación da estación da Coruña San Cristóbal e a terminal de autobuses, polo que solicita o arquivo do expediente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Análise do expediente**

De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non este prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

De acordo co anterior, e non constando a existencia de terceiros interesados, procede aceptar a renuncia á reclamación presentada e declarar concluído o procedemento.

De acordo co anterior, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

**Único:** Aceptar a desistencia e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia**